

PROGRAMA

10.30 H. Miguel Ángel Davara, catedrático de Dereito Informático e de Informática para Xuristas da Facultade de Dereito da Universidade Pontificia Comillas de Madrid (ICAI-ICADE)

Introdución:

- Como chegamos ata aquí
- Localización de persoas e obxectos
- Razón de ser do Regulamento Europeo: Obxectivos

O Regulamento Xeral de Protección de Datos

- O Regulamento nos actos xurídicos da UE

Obxectivo do Regulamento: reforzar o dereito fundamental á protección de datos.

Contido do Regulamento

- A exposición de motivos
- Considerandos de interese
- Cuestións a destacar do articulado

Disposicións finais

13.30 H. Mar España Martí, directora Agencia Española de Protección de Datos (AEPD)

“Nova Lei de Protección de Datos”

14.00 H Clausura da xornada.

Directora da Amtega, Mar Pereira

Presidente do CPEIG, Fernando Suárez

Relatores

Miguel Ángel Davara

Doutor en Dereito e socio-fundador da firma de asesores xurídicos Davara & Davara, Asesores Xurídicos, especialistas en Dereito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. Catedrático de Dereito Informático e de Informática para Xuristas da Facultade de Dereito da Universidade Pontificia Comillas de Madrid (ICAI-ICADE), é tamén coordinador da Área de Informática Xurídica de ICADE.

Davara é director do Master en Dereito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de ICADE e director dos Cursos de Doutoramento en Dereito Informático na mesma Universidade. Tamén exerce como profesor da materia Implicacións socio-xurídicas das Tecnoloxías da Información na Escola de Enxeñaría Informática de ICAI. Asemade, o relator é membro do Grupo de Asesores Legais en Tecnoloxías da Información da Unión Europea en Luxemburgo (DG Sociedade da Información).

Mar España

Licenciada en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas, Máster en Protección Internacional de Dereitos Humanos pola Universidade de Alcalá e experta en xestión de entidades sen ánimo de lucro pola Fundación Luis Vives. É funcionaria de carreira do Corpo Superior de Administradores Cívís do Estado na especialidade xurídica desde 1989. En canto á súa actividade académica, foi profesora do Máster de Protección Internacional de Dereitos Humanos da Universidade de Alcalá, profesora do Máster de Acción Política do Colexio de Avogados na Universidade Rey Juan Carlos e profesora colaboradora de Dereito Administrativo en ICADE. O CPEIG outorgoulle este ano o recoñecemento de colexiada de honra.

Baixo o seu mandato como directora da AEPD desde xullo de 2015, este organismo puxo en marcha un Plan Estratéxico con máis de 100 iniciativas que inclúe, entre outros puntos, o desenvolvemento de accións que favorecen a innovación e a confianza dixital, así como a realización de labores proactivos para detectar o impacto que poden ter os novos desenvolvementos tecnolóxicos na privacidade. Neste sentido, a Axencia creou a Unidade de Avaliación e Estudos Tecnolóxicos, que ten entre as súas funcións o establecemento de canles de colaboración tecnolóxica con universidades e grupos profesionais.